

## **FIN DO CURSO 2015-16,** **RECOLLIDA DOS LIBROS ADQUIRIDOS COA AXUDA OU** **RECIBIDOS DO FONDO SOLIDARIO.**

Estimados/as pais/nais/titores legais:

O último día de clase é o mércores 22 de xuño. Ese día non haberá clases, xa que se celebrará un festival de fin de curso (actuacións musicais, actividades deportivas, ...). Por este motivo, tamén haberá un horario especial dos autobuses. A hora de chegada ao Centro será ás 10:00 e a de saída ás 14:00 horas.

**A entrega de notas será o Luns 27 de xuño as 12:00 horas.** Recibirán o boletín de cualificacións, a circular cos exames de setembro e prazos de matrícula. Ademais, o alumnado con todo aprobado e o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas, tamén recibirán o sobre de matrícula para o curso próximo. **ESTE DÍA NON HABERÁ TRANSPORTE ESCOLAR.**

**O alumnado con todo aprobado en xuño deberá facer a matrícula antes do 10 de xullo. Excepcionalmente o alumnado de 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 1º de BACHARELATO cunha ou dúas materias suspensas en xuño, tamén deberá facer a matrícula para o próximo curso antes do 10 de xullo, para evitar as aglomeracións de setembro (xa que neste mes só haberá tres días de matrícula que serán o 7, 8 e 9 de setembro).**

### **RECOLLIDA DOS LIBROS RECIBIDOS COA AXUDA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN:**

Os alumnos que no curso 2015-16 recibiron a axuda para a compra de libros (cheque), ou procedentes do fondo solidario, terán que devolver, como indicaban as ordes correspondente, os libros comprados coas citadas axudas en dúas fases:

1ª. Os días 20 (luns) e 21 (martes) de xuño os alumnos deberán traer a clase todos os libros adquiridos coas citadas axudas ou recibidos do fondo solidario. O día da entrega de notas (**luns 27 de xuño ás 12 horas**) os alumnos con materias suspensas recibirán os libros entregados destas materias. En caso de dúbida a Consellería de Educación enviounos un listado no que figuran os libros adquiridos por cada un dos solicitantes, que terán os titores.

2ª. O Día da entrega de notas en setembro (**7 de setembro**) o alumnado **deberá devolver os libros adquiridos coa axuda prestados en xuño**, incluso no caso de que teña que repetir curso.

### **PROCEDIMENTO PARA AS RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS:**

**O período de reclamacións das cualificacións de xuño** será o martes 28 e o mércores 29 de 10:00 a 13:00 horas. O proceso é o seguinte:

- 1º Falar co/a profesor/a da materia para que lle mostre o exame ou exames e lle explique os criterios aplicados.
- 2º En caso de desacordo coa cualificación dada polo/a profesor/a, deberá solicitar, na Secretaría do Centro, o impreso para as reclamacións contra as cualificacións, entregándoo cuberto tamén na Secretaría antes das 14 horas do mércores 29 de xuño.
- 3º O xoves 30 de xuño as 10:00 horas (unha vez rematado o prazo de reclamacións) reuniranse os Departamentos das materias nas que se reclame. Estes emitirán unha resolución sobre as reclamacións presentadas, que se comunicará ó/á alumno/a
- 4º En caso de desacordo coa resolución do Departamento, poderase solicitar na Secretaría do Centro, nas 24 horas seguintes á comunicación, que a Xefatura Territorial de Educación resolva dita reclamación.